

Nombre	Apellidos
DNI/Pas./Vis./Cel.:	Email:
Dirección: ,	
Móvil: Teléfono:	
Fecha de alta: N° Soc:	

INSTRUCCIÓN DE FUNCIONAMENTO E XESTIÓN. CONDICIÓN DE CONTRATACIÓN DE MEUFIT VIGO

A continuación detállanse as normas de uso e condicións de contratación da instalación deportiva MeuFit de Vigo.

Ditas regulacións son de obrigado cumprimento para todos os usuarios/as, que amosarán a súa conformidade mediante a sinatura da correspondente folla de inscrición, onde vai exposta de forma resumida.

Este documento está a disposición dos usuarios/as.

Ademais a través de diferentes paneis informativos, preténdese concienciar a todos os usuarios/as da importancia de cumprir a normativa para unha mellor convivencia de todos e conservar en bo estado as instalacións.

NORMAS XERAIS:

1.A entrada ás instalacións efectuarase polos accesos autorizados, quedando prohibido acceder libremente por calquera outra zona do complexo deportivo.

2.O acceso e uso das instalacións está reservado aos socios de MeuFit. Participar ou colaborar no acceso non autorizado a persoas non socias, sen autorización previa do persoal responsable da empresa, será causa de baixa automática, coa perda dos dereitos derivados da condición de socio, sen prexuízo das accións que legalmente procedan.

3.No momento de formalizar a inscrición como socio, contratará tamén unha pulseira de proximidade, necesaria para acceder ao centro deportivo, sen capacidade de reclamación por parte do contratante. No caso de non dispor da pulseira en cada acceso, non poderá entrar no recinto, salvo nos horarios nos que exista persoal de MeuFit no propio centro que comprobará a identidade da persoa que accede.

4.Non está permitido ofertar servizos deportivos, adestramento persoal, ou de calquera outra índole sen autorización previa da Dirección de MeuFit.

5.Únicamente poden usar a instalación os maiores de 15 anos.

6.Todos os usuarios/as deben velar polo bo estado de conservación das instalacións e servizos, impedindo ou denunciando todo acto que vaia no seu detrimento e advertindo aos empregados/as cando observen anomalías no uso das instalacións ou do material.

7.É obrigatorio usar as papeleiras e colectores para depositar o lixo, ademais de separar os distintos residuos segundo se indica aos usuarios nos distintos colectores.

8.Non está permitido comer no interior dos vestiarios nin nas zonas deportivas, nin

acceder con botellas de cristal ou latas metálicas.

9. Non está permitido fumar, consumir bebidas alcohólicas ou calquera outro tipo de sustancia ilegal, nas dependencias da instalación.

10. Queda prohibida a entrada á instalación ás persoas que padezan algunha enfermidade perxudicial para os demais usuarios.

11. Prohíbese a entrada de animais á instalación, agás cans de guía, así coma obxectos que considera o persoal de MeuFit que poidan danar ou causar molestias aos usuarios.

12. Os usuarios da instalación están obrigados en todo momento a atender as indicacións do persoal do centro. Un comportamento antisocial terá como resultado a expulsión do recinto do infractor por parte do persoal da instalación e/ou a baixa automática coma socio.

13. MeuFit establece un horario de apertura no que alternanse horarios con atención con persoal propio e horarios sen atención. Nos horarios nos que a instalación funciona de forma autónoma está videovixilada por unha Central Receptora de Alarmas. No caso de estar en perigo ou necesitar de asistencia inmediata ten a súa disposición "setas de emerxencia" distribuídas pola instalación que lle permitirá poñerse en contacto coa CRA a través do teléfono de emerxencia que se atopa no centro de ximnasio, para recibir asistencia de emerxencia unicamente. A súa vez tamén están dispoñibles colgantes, igualmente cun botón de emerxencia coa mesma función descrita anteriormente.

14. MeuFit dispón dun seguro que cubre a responsabilidade civil derivada da súa actividade. O usuario que sufra un incidente acaecido no interior da instalación deberá comunicalo ao persoal antes de abandonar o recinto ou mediante correo electrónico. No caso de que o incidente estea ocasionado pola negligencia do persoal ou por defectos da instalación, os custos derivados da súa resolución correrán a cargo do seguro da instalación deportiva. En caso contrario, a empresa non se fará responsable dos custos derivados do incidente (gastos hospitalarios, transporte de emerxencias, medicamentos, etc.).

15. O causante de todo dano ocasionado ás instalacións e/ou ao material debido a un mal uso das mesmas e/ou polo incumprimento das normas estará obrigado a sufragar economicamente á reposición do material e/ou á reparación das instalacións danadas.

16. Se vostede padece algún tipo de patoloxía, lesión, contraindicación ou ten algún factor de risco (hipertensión, diabete, hipercolesterolemia, etc.) deberá consultar co seu médico a conveniencia de realizar exercicio físico, así como comunicalo ao persoal de MeuFit no momento da alta como socio.

HORARIO DA INSTALACIÓN:

1. HORARIO INVERNO:

· A disposición dos usuarios/as no taboleiro principal situado na recepción do centro.

· O acceso a instalación efectuarase na hora indicada.

· 30´ antes da hora de peche, acabarase a utilización das diferentes zonas deportivas, para cumprir o horario de peche.

· O horario da instalación poderá ser modificado, con aviso previo no taboleiro principal do centro.

1. **HORARIO DE VERÁN:** MeuFit resérvase o dereito de establecer nos meses de Xullo e Agosto un horario reducido de apertura, que será debidamente comunicado ao longo do mes de Xuño, sen que implique unha redución proporcional da cota mensual.

2. **HORARIO DE ATENCIÓN PRESENCIAL:** para realizar calquera tipo de consulta ou proceso administrativo presencial, poderase facer in situ de luns a venres de 9h a

13h e de 17h a 21h, e os sábados de 10h a 13h. Fora de este horario calquera consulta poderá facela a través do correo electrónico vigo@meufit.gal

NORMATIVA XERAL DOS SUBSCRITORES.

1. Para inscribirse como Socio da instalación deberá formalizar o proceso de inscrición, ben a través da páxina web (www.meufit.gal), ben no horario de atención presencial, sendo o mesmo proceso no referido a forma de pago.

2. No momento da alta, o sistema enviaralle un correo electrónico a dirección de mail facilitada coa copia do contrato efectuado con MeuFit, as instrucións de funcionamento do centro, e o código provisional para poder acceder ao centro durante os primeiros 7 días. Antes de finalizar o período de 7 días deberá pasar polo centro en horario de atención ao público para poder entregarlle a pulseira. Presentar a DNI e toda aquela documentación requirida para beneficiarse da cota reducida (libro de familia, certificado de parella de feito, etc.). Ademais de asinar tamén a copia do contrato e autorizacións expresas relacionadas coa RGPD.

3. Para darse de alta como Socio/a o/a interesado/a poderá facelo en calquera momento do mes en curso, aboando a parte principal da mensualidade dende o momento da alta ata final de mes. No caso que a alta prodúzase a partir do día 26, no momento da inscrición aboarase a parte proporcional do mes, máis a cota íntegra do seguinte mes.

4. No momento da alta efectuarase tamén o pago da "Cota de Inscrición inicial ou Matrícula", pulseira de acceso e parte correspondente da cota mensual dende o momento de alta ata final de mes, unicamente a través de tarxetabancaria.

5. A "Cota de inscrición ou matrícula", de carácter irrecuperable, terá validez dende o día no que realice a alta ata o día en que o usuario cause baixa perdendo os dereitos da cota de inscrición, tendo que volver a aboala novamente no momento de unha nova inscrición. A empresa concesionaria poderá habilitar cotas de mantemento ou excedencia, de xeito que se eximirá ao usuario do pagamento dunha nova cota de inscrición e garantirase a reserva da súa praza nun período determinado. En caso de cambio de tipo de Cuota, abonarase a parte proporcional da matrícula en caso de ser un cambio a un abono de maior importe. No caso contrario, non se devolverá a parte proporcional.

6. O cobro das cotas fixadas de forma mensual realizarase igualmente a través da tarxeta bancaria utilizada no momento da alta, salvo que o usuario solicite expresamente a domiciliación bancario polo que será necesaria a firma no horario de atención do mandato SEPA que autorice dita remesa bancaria mensual. O cobro efectuarase o día 1 de cada mes.

7. A baixa como socio/a da instalación deberase comunicar por escrito no propio centro no horario de atención ou por correo electrónico (vigo@meufit.gal), indicando o motivo da baixa. As baixas efectuaranse sempre antes do día 25 as do mes anterior ao que a baixa sexa efectiva. Non se poderán tramitar devolucións ou compensacións se non se cumpren estes prazos.

8. Cando un recibo sexa devolto pola entidade bancaria, tras o correspondente aviso dende administración (push, sms, mail ou chamada telefónica) o importe adeudado cargarase novamente xunto co importe do coste da devolución 1,5 euros.

9. Os socios que non estean ao corrente do pagamento das súas cotas non poderán acceder á instalación (independentemente que sexa parte ou a totalidade dos servizos contratados). A empresa pasará a tramitar a baixa automaticamente se o día 25 non se aboou o importe pendente.

10. As persoas que causen baixa e desexen formalizar a inscrición novamente, deberán de estar ao corrente do pagamento de todas as cotas anteriores á súa baixa.

11. A Dirección das instalacións resérvase o dereito de anular a condición de socio

cando se produza a devolución reiterada das cotas por parte da entidade bancaria.

12.Todas as modificacións que afecten aos datos contidos na ficha de inscrición, principalmente os datos persoais ou bancarios, deberanse notificar persoalmente na instalación.

13.Para acceder á instalación é imprescindible a presentación da pulseira de socio. O usuario está obrigado a presentalo/la sempre que o persoal da instalación o requira.

14.A pulseira é persoal e intransferible, e só pode ser utilizado polo titular. No caso de que unha pulseira sexa utilizada por unha persoa diferente ao titular da mesma, esta será inutilizada e o titular deberá pagar o custe equivalente a unha cota de inscrición establecida en cada momento (sen ter en conta campañas de promoción) para poder seguir accedendo aos centros. No caso de uso fraudulento da mesma de forma reiterada, causará baixa de forma automática na instalación.

15.No caso de existiren dúbidas sobre a identidade do portador/a da pulseira, e por requirimento do persoal da instalación, o usuario/a deberá identificarse cun documento acreditativo (DNI, pasaporte ou similar).

16.No caso de perda da pulseira, deberase comunicar a mesma en recepción. O persoal de recepción deberá emitir un duplicado, que implicaría o pagamento dunha nova pulseira, e así sucesivamente.

17.As normas de utilización expostas nas distintas zonas da instalación deben ser respectadas en todo momento.

18.A dirección do centro resérvase o dereito de proceder ao peche das instalacións de forma parcial ou total en cumprimento da normativa aplicable, ou por causas de forza maior alleas a MeuFit, sen dereito a devolución da cota correspondente.

19.Existen follas de reclamacións e suxestións a disposición dos clientes no propio centro.

20.Posibles modificacións nos tipos de subscrición. A empresa xestora poderá facer variacións, informando con anterioridade aos usuarios.

21.Tipo de subscritores:

1.SOCIOS:

1.Tipos de socios MeuFit:

·Socio INDIVIDUAL, de 21 a 64 anos (inclusive)

·Socio JUNIOR, de 15 a 20 anos (inclusive).

·Socio DUO, calquera idade presentando certificado de convivencia, parella

de feito ou libro de familia.

1.Servizo de carácter mensual (do 1 ao 28/30/31 de cada mes).

2.Non teñen limitación horaria no uso da instalación. Teñen dereito o uso da sala fitness, uso libre das actividades dirixidas na propia sala fitness ou salas de actividades (Programación mensual, ditas actividades incluídas na cota poden estar suxeitas a modificacións de horarios e monitor/a sen previo aviso), programa de adestramento.

3.Co obxectivo de evitar incómodas masificacións da instalación, MeuFit poderá establecer un número máximo de Socios por cada un dos tipos de cota, habilitándose unha lista de agarda, para cada un deles, que utilizarase no momento da baixa dun socio activo, sempre e cando non este acadado o número máximo de socios de dito tipo.

4.MeuFit pode en calquera momento instaurar, eliminar ou modificar calquera das cota e condicións das mesmas, avisando previamente os socios activos.

5.No momento da alta, aboarase unha cota fixa de inscrición

1.ASISTENTES A CURSOS DE PAGO

1.Meufit poderá establecer unha cota de asistencia unicamente a curso limitando días e horario de asistencia.

1.ENTRADAS LIBRES e/ou INVITACIÓNS DE UN DÍA:

1.Meufit poderá establecer en calquera momento a venda de entradas libres ou invitacións de un día.

NORMAS DE USO DAS DUCHAS E VESTIARIOS

- 1.Está prohibido utilizar envases de cristal.
- 2.A ducha se realizará durante o tempo estritamente necesario.
- 3.Está prohibido botar botellas ou outros envases ao chan. Deberanse empregar as papeleiras destinadas a cada tipo de residuo.
- 4.É obrigatorio ducharse con zapatillas de baño.
- 5.En caso de observar algún dano (xaboeiras rotas, duchas en mal estado, etc. prégase se comunique o feito o persoal de MeuFit).
- 6.Non está permitido afeitarse, depilarse ou similares na zona de duchas nin nos demais espazos dos vestiarios.
- 7.O uso das taquillas é un servizo gratuíto que MeuFit ofrece os usuarios/as para gardar as súas pertenzas, polo que pregamos colaboren no seu coidado. Así mesmo a empresa non é responsable dos obxectos extraviados, sustraídos ou esquecidos en toda a instalación. Recoméndase non acudir con obxectos de valor.
- 8.As taquillas son de Cadeado: o/a usuario/a debe traer o seu propio cadeado para deixar pechada a súa taquilla para maior seguridade.
- 9.Únicamente pódese utilizar unha taquilla por persoa e acceso.
- 10.Todo/a usuario/a que utilice as taquillas deberá deixalas baleiras ao remate da actividade ou ó abandonar o centro deportivo. Polo tanto, queda prohibido gardar unha taquilla exclusivamente para uso persoal (salvo no caso de ter o servizo contratado de forma mensual). As taquillas que permanezan pechadas ao remate da xornada de apertura poden ser abertas e baleiradas polo persoal da instalación.
- 11.A empresa concesionaria non se fai responsable do extravío, roubo, cambio ou deterioro de prendas e obxectos depositados no interior das taquillas e armarios de uso gratuíto postos a súa disposición.
- 12.Os usuarios/as que desexen contratar o servizo de alugueiro mensual de taquillas persoais terán a súa disposición unha única taquilla de forma mensual onde poderán deixar as súas pertenzas dun día para outro. Por seguridade soamente se procederá á limpeza interior da taquilla no momento que deixe de estar alugada, ou cando o usuario así o indique. Neste último caso deberá proceder ao seu baleirado na noite anterior ao día previsto para a limpeza. MeuFit non se responsabiliza dos posibles roubos que poidan perpetrarse en ditas taquillas.
- 13.Os obxectos esquecidos nos vestiarios ou en calquera outra parte da instalación permanecerán na zona de "obxectos perdidos" durante un prazo máximo de 15 días. Se neste prazo non é reclamado polo seu propietario, a dirección da instalación procederá a entregar ditos obxectos (excepto toallas, roupa interior ou pertenzas molladas/suadas) a algunha entidade benéfica.

NORMAS DE USO DE LA SALA FITNESS / MUSCULACIÓN / ACTIVIDADES DIRIXIDAS

- 1.Prohibido o acceso aos menores de 15 anos.
- 2.É obrigatorio utilizar unha toalla para colocala enriba das máquinas, aparatos ou esterillas dos que se faga uso.

3.Recoméndase o uso de luvas a todos aqueles usuarios que traballen con peso libre.

4.É obrigatorio utilizar a sala con roupa e calzado deportivo.

5.Está prohibido entrar adestrar con chanclas, descalzo, co torso descuberto ou en roupa de rúa.

6.Toda persoa que utilice o material de musculación por primeira vez, ou asista por primeira vez a unha actividade, deberá poñerse en contacto co técnico da sala da sala. Tamén se ten algunha contraindicación para a práctica deportiva que o noso persoal deba coñecer.

7.Débense utilizar as máquinas axeitadamente (en caso de dúbidas, consultar ao monitor/a).

8. Recoméndase hidratarse correctamente.

9.Os usuarios deberán respectar o tempo de utilización das máquinas e non descansar na propia máquina entre serie e serie, de xeito que esta poida ser utilizada por outro/a usuario/a.

10. O técnico/a da Sala Fitness, é o maior responsable da seguridade e boa utilización da mesma, así como a figura de autoridade que coidará do correcto desenrolo das actividades que nela se desenrolen.

11.Tanto a sala como todo o material utilizado deberán deixarse correctamente ordenados despois do seu uso.

12.Tanto a sala como todo o material utilizado deberán deixarse correctamente ordenados despois do seu uso.

RESERVA E ALUGUEIROS DE ESPAZOS DEPORTIVOS:

1.Os clubs deportivos ou aquelas entidades interesadas en reservar o uso da instalación para os seus adestramentos poderán solicitalo por correo electrónico. A reserva será efectiva cando reciban confirmación da mesma mediante o mesmo medio (correo electrónico).

2.Unha vez se lles concedese o uso esporádico das instalacións deportivas deben aboar o custo do ALUGUEIRO POR ANTICIPADO, segundo a forma de pago acordada.

OUTROS:

1.O incumprimento de calquera dos artigos anteriores suporá en función da gravidade:

1.A expulsión inmediata da instalación efectuada polo persoal da mesma.

2.A retirada da pulseira de usuario/a ou de alumno/a. A súa retirada non implica a devolución do importe da cota correspondente ao período non desfrutado.

3.Prohibición de acceso ao servizo ou instalacións durante o tempo que a Dirección de MeuFit considere oportuno.

2.Toda persoa que cumprimente o formulario de inscrición, manifesta, mediante a súa sinatura, coñecer e aceptar as condicións nas que se desenvolven as Instrucións de Funcionamento e Xestión, xunto as Condicións de Contratación. Ademais, asegura tamén que realiza os controis médicos pertinentes da súa saúde persoal, non presentando ningunha contraindicación para a práctica das actividades físicas e deportivas, non responsabilizándose MeuFit do que poida ocorrer se o socios sufrira algún percance ou episodio lesivo derivado dunha contraindicación.

3.Ante calquera conflito ou dúbida a que dese lugar algún dos puntos anteriores, así como calquera aspecto no contemplado nos mesmos, a decisión será tomada pola Dirección da instalación.

Firma última Actualización

Firmado el